

**RESOLUCIÓN** do 26 de xuño de 2020, do tribunal designado para xulgar o proceso selectivo unitario para cubrir postos de auxiliares de policía local, convocados pola Orde de 25 de maio de 2020, pola que se fai pública a listaxe de aptos na primeira proba e se convoca as persoas declaradas aptas para a realización da seguinte proba.

Na sesión que tivo lugar o día 26 de xuño de 2020, o tribunal nomeado pola Orde de 12 de xuño de 2020 (DOG do 23 de xuño de 2020), designado para xulgar o proceso selectivo unitario para a selección de postos de auxiliares de policía local e a creación da lista de colaboración para a contratación, e de conformidade co disposto nas bases da convocatoria, una vez rematado o primeiro exercicio (probas físicas), celebrado no centro de tecnicificación deportiva de Pontevedra:

**PRIMEIRO.** Facer pública a listaxe de opositores/as que foron declarados aptos/as ao remate da primeira proba (ANEXO I).

**SEGUNDO.** Convocar as persoas declaradas aptas para a realización da seguinte proba (proba de coñecementos), o día 1 de xullo de 2020 ás 15:00 horas (chamamento), na Feira Internacional de Galicia, Avda. Recinto Feiral, s/n. 36540, Silleda (Pontevedra).

A continuación da proba de coñecementos dará comezo a proba de coñecementos da lingua galega para todas aquelas persoas que non acreditan a posesión da correspondente titulación, as listaxes estarán dispoñibles na páxina Web da Agasp.

**TERCEIRO.** Contra esta resolución poderase interpoñer recurso administrativo ante o órgano competente conforme o previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, tal como a disposición final da orde da convocatoria, así mesmo as persoas aspirantes poderán efectuar alegacións as súas cualificacións dentro dos dous días seguintes a publicación desta resolución.

O presidente do Tribunal

Pontevedra, 26 de xuño de 2020

Juan Ignacio Saiz Martín